

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan, con carácter experimental, os contratos-programa e se establecen as bases para a convocatoria e selección de programas dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes desta consellería.

No marco da Conferencia Sectorial de Educación, o ministerio e as comunidades autónomas acordaron a sinatura de convenios bilaterais para o desenvolvemento de programas educativos de cooperación territorial. Dentro das actuacións previstas nestes convenios figuran, entre outras, os programas de reforzo, orientación e apoio (PROA), os dirixidos ao incremento do éxito escolar e aqueles que procuran diminuír as bolsas de abandono temperá da escolarización.

O artigo 120 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que os centros educativos teñen que dispoñer da necesaria autonomía pedagóxica, de organización e de xestión para favorecer a mellora continua na educación, e que as administracións educativas terán que favorecer a autonomía dos centros de xeito que os seus recursos económicos, materiais e humanos se poidan adecuar aos plans de traballo e organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados.

Os centros educativos, para lograr a equidade e a excelencia na educación, deben desenvolver as capacidades de todo o alumnado conforme as súas posibilidades e circunstancias e, para iso, teñen que organizarse de xeito diferenciado, planificando os seus recursos e desenvolvendo as actuacións necesarias para o logro duns obxectivos concretos nun período de tempo determinado.

A presente resolución pretende dar cabida, baixo un marco único, a todos aqueles programas que se veñen desenvolvendo nos centros educativos –PROA, éxito escolar, entre outros– co obxectivo de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver ao máximo posible as súas capacidades, buscar a excelencia e, en definitiva, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia.

Xa que logo, preténdese que os centros educativos analicen as súas fortalezas e debilidades e propoñan medidas específicas de actuación e, por outra banda, que a Administra-

ción educativa proporcione os recursos necesarios para o desenvolvemento de proxectos realistas en que participe a comunidade educativa e as institucións do contorno.

De acordo co anteriormente exposto, esta dirección xeral

DISPÓN:

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta resolución ten por obxecto regular os contratos-programa e establecer as condicións para desenvolver nos centros educativos programas para a mellora do éxito escolar do alumnado durante o curso escolar 2012-2013.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Poderán participar nesta convocatoria os centros educativos públicos, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, seguintes:

- a) Centros de educación infantil e primaria.
- b) Centros de educación primaria.
- c) Centros públicos integrados.
- d) Institutos de educación secundaria.

Sección 2ª. Programas para a mellora do éxito escolar

Artigo 3. *Programa de centro para a mellora do éxito escolar.*

Os centros educativos poderán elaborar un programa para a mellora do éxito escolar do alumnado, sobre unha ou varias das actuacións que se establecen no artigo 5.

Artigo 4. *Obxectivos do programa.*

O programa, en función das actuacións que o integren, deberá perseguir os seguintes obxectivos:

- a) Identificar e dar resposta ás dificultades e aos problemas do alumnado en relación coa aprendizaxe.

b) Lograr un clima de aula e de centro que favoreza o proceso de ensinanza e aprendizaxe.

c) Favorecer a atención educativa dos colectivos máis vulnerables para mellorar a súa formación e previr os riscos de exclusión social.

d) Mellorar a competencia en comunicación lingüística e, en concreto, da lectura como medio para a aprendizaxe.

e) Mellorar o nivel de adquisición de competencias de todo o alumnado nas etapas de ensino obrigatorio.

f) Reducir a taxa de abandono escolar.

g) Apoiar a evolución e a integración do alumnado con maior capacidade e motivación para aprender, afondando nos coñecementos dalgún campo de actividade.

h) Implicar as familias do alumnado na súa educación e nos procesos de ensinanza e aprendizaxe.

i) Lograr a colaboración da Administración local, dos empregadores e doutras institucións naqueles ámbitos que favorecen a escolarización e a formación da poboación.

j) Mellorar a calidade da educación e os niveis de éxito escolar.

Artigo 5. *Actuacións do programa e destinatarios.*

O programa que elaboren os centros poderá recoller unha ou varias das actuacións que se relacionan a seguir, considerando as necesidades e os intereses dos seus destinatarios.

1. Reforzo, orientación e apoio (PROA).

Destinatarios:

– Modalidade de acompañamento escolar: alumnado do 2º e 3º ciclo de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria que presentan dificultades e problemas de

aprendizaxe, así como aqueles con desvantaxe educativa polo contorno sociocultural en que se desenvolven.

– Modalidade de apoio: alumnado de educación secundaria obrigatoria.

O centro só poderá optar por unha destas dúas modalidades.

2. Mellora da lectura, escritura e cálculo.

Destinatarios:

– Todo o alumnado de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

3. Mellora da convivencia.

Destinatarios:

– Alumnado dos centros educativos, e particularmente dos que impartan a etapa de educación secundaria obrigatoria, e que teñan alumnado que presente alteracións do comportamento e/ou graves problemas de conduta.

4. Redución do abandono escolar.

Destinatarios:

– Alumnado de educación secundaria.

5. Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

Destinatarios:

– Alumnado do 2º e 3º ciclo de educación primaria e de educación secundaria que presentan unha destacada capacidade e motivación para aprender.

Artigo 6. *Elaboración do programa e requisitos.*

1. O programa que elabore o centro para a mellora do éxito escolar do alumnado concretará as actuacións que se pretenden desenvolver, de entre as que se establecen no

artigo 5 desta resolución, e identificará para cada unha delas, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Razóns que xustifican a actuación, cos datos que procedan.

b) Logros que se perseguen e indicadores de medida temporalizados. Para a súa concreción teranse en conta indicadores como:

– A taxa de éxito escolar nos distintos niveis ou etapas, tomando como referencia os resultados das avaliacións ordinarias e extraordinarias, da avaliación de diagnóstico e das PAU, entre outros.

– A taxa de idoneidade do alumnado para cada un dos niveis de ensino obrigatorio.

– A análise das necesidades educativas e socioeconómicas do contorno.

– Os datos de inserción laboral, se procede.

– Os resultados dos sistemas de xestión da calidade, se é o caso.

c) Accións que se pretenden desenvolver e a súa temporalización. Estas accións deberán ser concretas, innovadoras e orientadas aos logros que se perseguen. As accións poderán comportar singularidades en canto a:

– Horario de apertura e peche do centro.

– Organización do currículo.

– Organización e características dos recursos humanos.

– Necesidades de formación do profesorado.

– Asignación e/ou distribución de recursos materiais.

– Modelo de xestión organizativa e pedagóxica que requiran as accións.

d) Estratexias de coordinación entre centros na transición do alumnado de primaria a secundaria, se é o caso.

e) Implicación das familias do alumnado, doutras institucións e de empresas, se é o caso.

f) Colaboración da Administración local e doutras administracións, se é o caso.

g) Necesidade de novos recursos que implica a actuación, temporalizados.

h) Proceso de seguimento e avaliación interna que se vai realizar de cada unha das actuacións.

2. O programa será elaborado polo equipo directivo do centro que, previamente, deberá realizar unha análise sobre os procesos que se veñen desenvolvendo no centro para identificar as súas fortalezas e debilidades.

3. O programa deberá contar coa aprobación, por maioría, do Claustro, e por maioría cualificada de dous terzos, do Consello Escolar.

Artigo 7. Compromisos do centro educativo.

O centro educativo co que se acorde o desenvolvemento dun programa, conforme o previsto nesta resolución, ademais dos compromisos que deriven das actuacións recollidas nel, deberá asumir, polo menos, os seguintes compromisos:

– O centro realizará un seguimento periódico das actuacións previstas no programa, cando menos con carácter trimestral, e reflectir documentalmentemente as circunstancias e os resultados acadados.

– O profesorado implicado terá que participar nas actividades de formación que se planifiquen tanto desde o centro como desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

– O equipo directivo terá que participar nas actividades de formación organizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

– O centro garantirá a participación activa do director ou directora e outro membro do equipo directivo nas reunións do traballo en rede que desde a Administración educativa se establezan.

– A comunidade educativa terá que coordinarse e cooperar en rede para mellorar a calidade do servizo educativo e acadar os obxectivos fixados.

– A comunidade educativa terá que participar activamente no deseño, aplicación e avaliación das actuacións previstas no programa.

Artigo 8. *Actuacións da Administración educativa.*

A Administración educativa da Xunta de Galicia, na procura da mellora do sistema educativo, desenvolverá, nos centros con que acorde o desenvolvemento de programas previstos nesta resolución, actuacións como as que seguen:

a) Apoio aos centros e ao profesorado.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria daralle apoio específico aos centros educativos que desenvolvan programas dos previstos nesta resolución, polo menos, nos seguintes aspectos:

– Asesoramento, a través dos servizos de Inspección Educativa.

– Asesoramento e asistencia de servizos específicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, tales como Persoal, Orientación, Formación do Profesorado e Xestión Económica, entre outros.

– Formación específica ao equipo directivo e ao profesorado implicado no programa.

– Potenciación do traballo en rede dos centros docentes para o intercambio de coñecementos e experiencias.

b) Difusión das boas prácticas que se desenvolvan nos centros educativos.

As boas prácticas, identificadas no desenvolvemento dos programas nos diferentes centros, poderán ser divulgadas, en colaboración cos propios centros educativos, co fin de constituír modelos de referencia de organización e xestión destes.

c) Recursos.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, dotará os centros de recursos específicos para o desenvolvemento do programa acordado, se é o caso.

*Sección 3ª. Proceso de solicitude e selección dos programas**Artigo 9. Solicitudes e documentación.*

1. Para participar nesta convocatoria, os centros educativos deberán presentar a seguinte documentación:

- A solicitude, no modelo que se xunta como anexo I desta resolución.
- Certificación da aprobación do programa polo Consello Escolar, segundo o modelo que figura no anexo II.
- Certificación da aprobación do programa polo Claustro, segundo o modelo que figura no anexo III.
- O programa elaborado polo equipo directivo conforme o que se indica no artigo 6, que deberá presentarse en soporte papel e en formato dixital, segundo o guión que figura no anexo IV.

2. A solicitude e demais documentación presentaranse no Rexistro Único da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, edificio administrativo de San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou noutro rexistro propio ou concertado conforme o Decreto 164/2005, do 16 de xuño, así como por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, tamén poderá presentarse na sede electrónica <https://sede.xunta.es/>

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 10. Criterios de selección dos programas.

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, á vista dos programas presentados polos centros, seleccionará aqueles que, respondendo aos requisitos

establecidos nesta convocatoria, sexan viables na súa execución e no marco dos recursos dispoñibles.

2. Os programas que se autoricen serán seleccionados conforme os seguintes criterios:

a) A concreción e viabilidade dos obxectivos perseguidos, das accións previstas e do proceso de avaliación.

b) A coordinación e implicación dos centros adscritos, ou aos que están adscritos, para a transición do alumnado desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria.

c) Centros en cuxo contorno sociocultural predominen familias de baixo nivel cultural ou economicamente desfavorecidas, minorías étnicas, inmigrantes de lingua materna distinta á do centro, entre outros.

d) Centros con taxas baixas de éxito escolar.

e) Centros con baixos resultados académicos, asociados a problemas de convivencia no centro, sempre que se prevea esa actuación no programa.

f) A implicación das familias, do Concello e doutras institucións para o desenvolvemento do programa.

g) O nivel de apoio do Claustro e do Consello Escolar na aprobación do programa.

h) A participación do centro nos plans de autoavaliación e mellora da calidade na educación.

i) A participación do centro en programas ou proxectos de innovación nos últimos tres anos.

j) A participación do centro nos contratos-programa, con avaliación positiva por parte da Comisión de Seguimento.

k) A participación do centro en programas de iniciativa de mellora, con avaliación positiva.

Artigo 11. *Comisión de Selección.*

1. Baixo a presidencia da persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado constituirase unha comisión de selección que se encargará de valorar as solicitudes.

2. A comisión estará integrada polas persoas titulares da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, da Subdirección Xeral de Recursos Humanos e da Subdirección Xeral de Centros, os/as inspectores/as xefes do Servizo Territorial de Inspección Educativa, a persoa titular da xefatura do Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa e unha persoa asesora da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que realizará as funcións de secretaría. As persoas subdirectoras poderán ser substituídas por xefes/as de servizo, se é o caso.

3. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica, constituída por persoas asesoras da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para os efectos de elaboración de informes sobre os programas de actuación presentados.

4. A percepción de asistencias destas comisións atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Artigo 12. *Procedemento de selección dos programas.*

1. Entre os programas presentados, a comisión seleccionará aqueles que, cumprindo os requisitos da convocatoria, se consideren viables.

2. A Comisión de Selección concretará cos centros educativos todos aqueles aspectos dos programas seleccionados que se plasmarán no contrato-programa.

3. O contrato-programa explicitará, cando menos, o seguinte:

- Os logros que se perseguen, mediante os indicadores acordados, para cada actuación.
- As actuacións que se inclúen no programa.

- Os compromisos do centro educativo.
- As actuacións e achegas da Administración educativa.
- A Comisión de Seguimento.

Artigo 13. *Resolución.*

1. Unha vez rematado o proceso de selección dos programas e realizada a concreción dos contratos-programa, a comisión fará pública a resolución provisoria, que se difundirá no portal educativo <http://www.edu.xunta.es/web>

2. A exposición abrirá un prazo de dez días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e renuncias, a comisión seleccionadora elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que resolverá a relación final dos programas seleccionados.

3. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase no portal educativo <http://www.edu.xunta.es/web> e no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o prazo de seis meses sen que se lle notificase a resolución expresa, o solicitante poderá entender rexeitada a súa solicitude, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Contra esta resolución poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 107.1, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme os artigos 10, 14 e 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 14. *Formalización do contrato-programa.*

Os centros que sexan autorizados para o desenvolvemento dun programa asinarán coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria un contrato-programa que recolla as actuacións do programa e os acordos entre o centro e a Comisión de Selección.

Artigo 15. Recursos para o desenvolvemento do programa.

Para o desenvolvemento das actuacións establecidas no contrato-programa a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dotará os centros dos recursos financeiros e do persoal considerados necesarios.

Estes recursos sufragaranse con cargo aos orzamentos previstos nos convenios de colaboración que se subscriban co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para as actuacións recollidas no artigo 5 desta resolución.

Sección 4ª. Seguimento, avaliación e certificación

Artigo 16. Seguimento e avaliación do contrato-programa.

1. O equipo directivo do centro supervisará o desenvolvemento do programa conforme o proceso de seguimento e avaliación interna prevista nel e dará conta aos órganos de participación e goberno, aos pais, nais ou tutores/as legais, así como ás institucións que participan no programa.

2. A Inspección Educativa realizará, ao longo de cada curso académico, o seguimento e a avaliación das diferentes actuacións previstas no programa, e informará periodicamente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

3. A avaliación do programa realizada polo centro educativo para cada curso académico, ademais de servir para dar conta ante a comunidade educativa, porase á disposición da Comisión de Seguimento do acordo e incorporarase, así mesmo, á memoria anual do centro.

4. Para o seguimento do programa establecerase unha Comisión de Seguimento do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o centro educativo.

5. A Comisión de Seguimento estará integrada por representantes da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, do centro educativo e tamén formará parte dela o inspector ou inspectora do centro, e actuará como secretario ou secretaria a persoa que desempeñe esta función no centro educativo. A composición da comisión concretarase no acordo entre a Administración educativa e o centro.

6. A comisión estará presidida por un representante da Administración e reunirse, polo menos, unha vez ao ano. O centro educativo ten que certificar o valor conseguido nos indicadores que establece o acordo e achegar a documentación que lle sexa requirida pola Comisión de Seguimento.

7. A Comisión de Seguimento ten as funcións seguintes:

a) Facer o seguimento e a avaliación da execución do acordo a partir da información que facilita o centro educativo e a Inspección.

b) Analizar o grao de consecución dos obxectivos e compromisos acordados a través dos indicadores establecidos.

c) Formular propostas de modificación dos recursos en relación co desenvolvemento do programa.

d) Propor as modificacións que se consideren necesarias nos obxectivos, nas actuacións e nas medidas acordadas para a continuidade do programa ou a súa supresión, se é o caso.

Artigo 17. Certificación de participación.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria certificará a participación do profesorado nos programas, como actividades de innovación educativa, e recoñecerá, se procede, as boas prácticas derivadas da aplicación dos programas en función dos resultados do seu seguimento e avaliación.

Artigo 18. Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2012.

José Luis Mira Lema

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN CONTRATOS-PROGRAMA PARA A MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR NOS CENTROS DOCENTES DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	ED340A	SOLICITUDE

Os campos sinalados con * son obrigatorios

DATOS DO CENTRO SOLICITANTE			
CENTRO	CÓDIGO DO CENTRO	NIF	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
NA SÚA REPRESENTACIÓN, NOME E APELIDOS DO/DA DIRECTOR/A			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF *
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ACTUACIÓN/S SOLICITADA/S (marque cun X o que proceda):

1. Reforzo, orientación e apoio 1A. Modalidade de acompañamento 1B. Modalidade de apoio
2. Mellora da lectura, escritura e cálculo
3. Mellora da convivencia
4. Redución do abandono escolar
5. Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (marque cun X o que proceda):

- Programa de actuación de acordo co guión de contidos recollido no artigo 6 en soporte papel e formato dixital
- Certificación da aprobación do programa polo Consello Escolar (ANEXO II)
- Certificación da aprobación do programa polo Claustro (ANEXO III)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 10 de maio de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan, con carácter experimental, os contratos-programa e se establecen as bases para a convocatoria e selección de programas dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes desta consellería.

SINATURA DO/DA DIRECTOR/A

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Edificio administrativo San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela



ANEXO II

Aprobación polo Consello Escolar da solicitude de participación na convocatoria de contratos-programa para a mellora do éxito escolar nos centros educativos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Don/Dona, en calidade de secretario/a do Consello Escolar do centro educativo
Código do municipio de

FAI CONSTAR:

1. Que o Consello Escolar do centro coñece o contido e as características da resolución para a participación do centro educativo na convocatoria de contratos-programa para a mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

2. Que o Consello Escolar, na sesión do día de de
 se mostrou favorable a participar na convocatoria de contratos-programa para a mellora do éxito escolar.

Resultado da votación:

- Número de integrantes do Consello Escolar con dereito a voto:
- Número de integrantes do Consello Escolar con dereito a voto presentes na votación:
- Número de votos favorables á presentación da solicitude de participación:
- Número de votos contrarios á presentación da solicitude de participación:
- Número de votos en branco:
- Número de votos nulos:

E para que conste, asínoo no lugar e na data indicados.

..... de de

Visto e prace

Presidente/a do Consello Escolar

Asdo.:

Secretario/a

Asdo.:

ANEXO III

Aprobación polo Claustro da solicitude de participación na convocatoria de contratos-programa para a mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Don/Dona, en calidade de secretario/a do Claustro do centro educativo
Código do municipio de

FAI CONSTAR:

1. Que o Claustro do centro coñece o contido e características da resolución para a participación do centro educativo na convocatoria de contratos-programa para a mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

2. Que o Claustro, na sesión na sesión do día de de
 se mostrou favorable a participar na convocatoria de contratos-programa para a mellora do éxito escolar.

Resultado da votación:

- Número de integrantes do Claustro con dereito a voto:
- Número de integrantes do Claustro con dereito a voto presentes na votación:
- Número de votos favorables á presentación da solicitude de participación:
- Número de votos contrarios á presentación da solicitude de participación:
- Número de votos en branco:
- Número de votos nulos:

E para que conste, asínoo no lugar e na data indicados.

....., de de

Visto e prace

Presidente/a do Consello Escolar

Asdo.:

Secretario/a

Asdo.:

ANEXO IV
Guión para a elaboración do programa

1. Introducción:

- a) Características do contorno socioeducativo do centro que xustifiquen a necesidade do contrato-programa.
- b) Obxectivos que se perseguen no programa.
- c) Relación de actuacións que se pretenden desenvolver.

2. Para cada unha das actuacións:

- a) Razóns que xustifican a necesidade da actuación.
- b) Alumnado a que vai destinada.
- c) Profesorado implicado.
- d) Accións concretas que se van desenvolver.
- e) Logros que se queren acadar, cos seus indicadores de medida.
- f) Estratexias de coordinación entre centros, se é o caso.
- g) Implicación das familias, doutras institucións ou de empresas, se é o caso.
- h) Recursos necesarios cuantificados.
- i) Proceso de seguimento e avaliación interna.